aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 1992 ata que se acorde a súa derogación ou modificación.

Malpica de Bergantiños, 27 de decembro de 1991.—O Alcalde, asinado.—O Secretario acctal., firmado.

R. 13.446. P. D. G. C. 26-12-91. N. 13.597.

: : :

CEE

**Ordenanza Fiscal Provisional del Impuesto sobre Actividades Económicas**

**Artículo 1°.**

De conformidad con lo preceptuado en los artículos 88 y 89 de la Ley 39/1988 de 28 de diciembre, el coeficiente y la escala de índices del Impuesto sobre Actividades Económicas aplicables en este Municipio quedan fijados en los términos que se establecen en los artículos siguientes:

**Artículo 2°.**

Para todas las actividades ejercidas en este Término Municipal, las cuotas mínimas de las Tarifas del Impuesto sobre Actividades Económicas serán incrementadas mediante la aplicación sobre las mismas del coeficiente único del 1.

**Artículo 3°.**

A los efectos previstos para la aplicación de la escala de índices, las vías públicas se clasificarán en una única categoría. Todas las calles del casco urbano y lugares de las parroquias del Municipio se les aplicará el índice 1.

Dicho índice sólo podrá ser aplicado a los locales, entendiendo este concepto en el sentido de la Regla 6ª de la Instrucción Anexa al Real Decreto Legislativo 1.175/1990 de 28 de setiembre por el que se aprueban las Tarifas y la Instrucción del Impuesto sobre Actividades Económicas.

**Disposición Final.**

La presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y comenzará a aplicarse el día 1 de enero de 1992, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Cee, 17 de diciembre de 1991.—El Alcalde acctal., firmado.

R. 13.482. P. D. G. C. 19-12-91. N. 13.351.

: : :

TEO

Aprobado por el Pleno de esta Corporación el expediente de modificación de créditos núm. 1 de 1991, dentro del vigente Presupuesto Municipal, por un importe de cuarenta y cinco millones setecientas setenta y cinco mil setecientas cuarenta y una pesetas, en cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 158.2 en relación con el 150.1 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, se expone al público, por plazo de quince días hábiles, en la Secretaría de este Ayuntamiento, a fin de que durante el mismo, que empezará a contarse desde el día siguiente a de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al señor Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento.

Teo, 16 de diciembre de 1991.—El alcalde, Ignacio Varela.

R. 13.471. P. D. G. C. 19-12-91. N. 13.371.

---

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día trece de decembro de 1991, adoptou, entroutros, o seguinte acordo:

**6.—Imposto sobre Actividades Económicas: Ordenanza Fiscal.**—Precisando facer uso dos recursos económicos que establece o artigo 2.1.b) da Lei 39/88, de 28 de decembro, entre os que se encontra o Imposto sobre Actividades Económicas, tramitouse o expediente administrativo para impoñer e ordena-lo nomeado tributo.

Vistos os informes favorables da Secretaría e Intervención, así como o dictame, no mesmo senso, da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello, por dez votos a favor e cinco abstencións, sendo o número legal o de dezasete e de asistentes o de quince, acorda:

1°.—Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, en cumprimento do disposto no artigo 15.2 e de conformidade co previsto no artigo 60.1, facendo uso das facultades conferidas ó Concello polo artigo 85 e Disposición Adicional 3ª, todos eles da devandita Lei 39/1988.

2°.—Expoñer ó público, no Taboleiro de Edictos do Concello, o acordo provisional e maila Ordenanza Fiscal regulador deste imposto, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, de acordo co preceptuado no artigo 17.1 e 2 da devandita Lei.

3°.—Conforme ó artigo 17.3 da repetida Lei, de non se presentar reclamacións no prazo fixado entenderanse definitivamente aprobados o acordo de imposición e a ordenación do citado imposto, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza, xunto co acordo do Pleno, no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA FISCAL NUMERO 16

**Imposto sobre Actividades Económicas**

**Artigo 1°.—Natureza e Feito Impoñible.**

1.—O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real, o feito impoñible do cal está constituído polo só exercicio neste Municipio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérzanse ou non nun local determinado e estean ou non especificadas nas Tarifas do imposto.

2.—Considéranse, para os efectos deste imposto, actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente; as mineiras, industriais, comerciais e de servicio. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito impoñible polo imposto ningunha delas.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, terá a consideración de gandería independente o conxunto de cabezas de gando que esté comprendido nalgún dos casos seguintes:

a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando.

b) O estabulado fóra das fincas rústicas.

c) O transhumante ou transterminante.

d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca na que se críe.

3.—Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supoña a ordenación por conta propia de medios de producción e de recursos humanos ou dun deles, coa finalidade de intervir na producción ou distribución de bens ou servicios.

4.—O contido das actividades gravadas está definido nas Tarifas do Imposto, aprobadas por Reais Decretos Lexislativos 1.175/1990, de 28 de setembro (BB.OO.EE. do 29 de setembro e 1 e 2 de outubro) e 1.259/1991, de 2 de agosto (B.O.E. de 6 de agosto).

5.—O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible en dereito e, en particular, polos contemplados no artigo 3 do Código de Comercio.

**Artigo 2º.—Supostos de non Suxeición.**

Non constitúe feito impoñible neste imposto ó exercicio das seguintes actividades:

1.—O alleamento de bens integrados no activo fixo das Empresas que figurasen debidamente inventariados como tal inmobilizado con máis de dous anos de antelación á data de se transmitir, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizase durante igual período de tempo.

2.—A venda de productos que se reciben en pago de traballos persoais ou servicios profesionais.

3.—A exposición de artigos coa finalidade exclusiva de decoración ou adorno do establecemento. Polo contrario, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para regalo ós clientes.

4.—Cando se trate de venda ó por menor, a realización dun só acto ou operación illada.

**Artigo 3º.—Exencións.**

1.—Están exentos do imposto:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os seus respectivos Organismos Autónomos de carácter administrativo.

b) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

c) As Entidades xestoras da Seguridade Social e de Mutualidades e Montepíos constituídos conforme ó previsto na Lei 33/1984, de 2 de agosto.

d) Os Organismos Públicos de investigación e os establecementos de ensino en tódolos seus grados sufragados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas de utilidade pública, aínda que por excepción vendan no mesmo establecemento os productos dos talleres dedicados ó devandito ensino, sempre que o importe da venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostén do establecemento.

e) As Asociacións e Fundacións de disminuidos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánino de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os productos dos talleres dedicados a estes fins, sempre que o importe da venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se dedique exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostén do establecemento.

f) A Cruz Vermella Española.

2.—Os beneficios regulados nas letras d) e e) do apartado anterior terán carácter rogado e concederánse, cando proceda, a instancia de parte.

3) Quenes na data de comezo da aplicación do Imposto sobre Actividades Económicas gocen de calquera beneficio fiscal na Licencia Fiscal de Actividades Comerciais e Industiais ou na Licencia Fiscal de Actividades Profesionais e de Artistas, continuarán gozando dos mesmos no imposto primeiramente citado ata a data da súa extinción, e se non tivesen termo do dereito ós devanditos beneficios, ata o 31 de decembro de 1944, inclusive, sen prexuízo das obrigas formais que a eles atinxen.

**Artigo 4º.—Suxeitos Pasivos.**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, sempre que realicen nesta Concello calquera das actividades que orixinan o feito impoñible.

**Artigo 5º.—Cota Tributaria.**

1.—A cota tributaria será a resultante de aplica-las Tarifas do imposto, de acordo cos preceptos contidos na Lei 39/1988, de 29 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e nos Reais Decretos Lexislativos 1.175/1990 de 28 de setembro e 1.259/1991, de 2 de agosto, así como o coeficiente e os índices acordados por este Concello e regulados, respectivamente, nos artigos 6º e 7º desta Ordenanza Fiscal, e, no seu caso, o recargo provincial que estableza a Deputación da Coruña.

2.—Se as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado modificasen as Tarifas do imposto e/ou actualizasen as cotas contidas nas mesmas, as devanditas variacións terán plena vixencia e surtirán efecto dende a súa entrada en vigor.

**Artigo 6º.—Coeficiente de Incremento.**

De conformidade co previsto no artigo 88 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o coeficiente de incremento a aplicar sobre as cotas mínimas das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, para todas aquelas exercidas neste Municipio, queda fixado no 1.

**Artigo 7º.—Indice de Situación.**

1.—Para os efectos previstos no artigo 89 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, fíxase o índice de situación no 1 para todo o Concello.

2.—A aquelas actividades que tributen por cota provincial ou nacional non lles serán aplicables nin o coeficiente nin o índice de situación regulados nesta Ordenanza.

**Artigo 8º.—Perído Impositivo e Devengo.**

1.—O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta; neste caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.—O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando nos casos de declaración de alta o día de comezo da actividade non coincida co ano natural; neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para remata-lo ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade.

3.—Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debendo presentarse as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

**Artigo 9º.—Normas de Xestión do Imposto.**

1.—E competencia do Concello a xestión tributaria deste imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de exencións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos recursos que se interpoñan contra estes actos e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte.

2.—As solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais presentaranse na Administración Municipal, debendo ir acompañadas da documentación acreditativa das mesmas. O acordo polo que se acceda á petición fixará o exercicio dende o cal o beneficio se entende concedido.

3.—Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende a notificación expresa ou a exposición pública dos padróns correspondentes.

4.—A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa do cobro, a non ser cando, dentro do prazo previsto para interpoñe-lo recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acorda-la suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presenta-la ou demostre de xeito fidedigno a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

O período de cobro para valores-recibo notificados colectivamente será determinado pola Excma. Deputación Provincial.

As liquidacións de ingreso directo serán aboadas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

a) Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

b) Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen que se tivese efectuado o ingreso, abrirase a vía de apremio e aplicarase un recargo do 20 por 100.

As cantidades que se deban devengarán intereses de demora dende o día seguinte ó vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso, aplicándose o devandito interese sobre a débeda tributaria excluído o recargo de apremio.

O tipo de interese será o vixente no momento de finaliza-lo prazo de ingreso en período voluntario, fixado conforme ó disposto no artigo 58.2.b) da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 10°.—Comprobación e investigación.**

Nos termos que se dispoñan polo Ministerio de Economía e Facenda, o Concello recabará para sí as funcións de inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, que comprenderá a comprobación e investigación, a práctica das liquidacións tributarias que procedan e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo isto referido, exclusivamente, ós supostos de tributación por cota municipal.

**Artigo 11°.—Delegación de Facultades.**

Se o Concello delegase na Deputación Provincial da Coruña as facultades referidas nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza ou exclusivamente as de un deles, e se esta Delegación é aceptada, as normas contidas nos nomeados artigos serán aplicables ás actuacións que deba efectua-la Administración delegada.

**Artigo 12°.—Vixencia e Data de Aprobación.**

Esta Ordenanza, aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día trece de decembro de mil novecentos noventa e un, rexerá dende o día 1 de xaneiro de mil novecentos noventa e dous.

O que se fai público durante o prazo e para os efectos citados no acordo do Pleno primeiramente transcrito.

Teo, 19 de decembro de 1991.—O alcalde, Ignacio Varela.

R. 13.339. P. D. G. C. 23-12-91. N. 13.473.

———— : : : ————

## MELIDE

Aprobado provisionalmente por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el día 26 de diciembre de 1991, el expediente de imposición, ordenación del impuesto y Ordenanza Fiscal reguladora, sobre Actividades Económicas, de conformidad con lo dispuesto en los arts. 79 a 92 en relación con el 17 de la Ley 39/88 de 28 dediciembre y Disposiciones posteriores que regulan el mismo, estableciendo como coeficiente de incremento e índice de situación física de los establecimientos, lo siguiente:

1°.—Establecer como coeficiente único en todas las Actividades ejercidas en el Término Municipal, el 1.

2°.—Establecer como índice de situación física de los establecimientos dos categorías o zonas de vías públicas en el Municipio, a saber: A) Establecimientos situados dentro del casco urbano en el perímetro comprendido en el Proyecto de Delimitación de Suelo Urbano para Melide, aprobado por la C.P. de Urbanismo el 5 de agosto de 1977, en categoría 1ª e índice aplicable 0,70.

B) El resto de los establecimientos situados fuera de esta delimitación, dentro del núcleo de Melide y resto de todas las parroquias del Municipio, en categoría 2ª e índice aplicable el 0,50.

3°.—La aprobación de la Ordenanza Fiscal reguladora se hace en la forma que determina el texto de la misma.

Lo que se hace público por el plazo de treinta días, contados a partir del siguiente al en que aparezca este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante dicho plazo se pueda examinar el expediente en la Secretaría Municipal y presentar contra el mismo las reclamaciones que se estimen oportunas.

En el caso de no presentarse reclamaciones, este acuerdo provisional quedará elevado automáticamente a definitivo, conforme dispone el art. 17.3 de la Ley 39/88 al principio citada.

Melide, 27 de diciembre de 1991.—El alcalde, Miguel R. Pampín Rúa.

R. 13.450. P. D. G. C. 27-12-91. N. 13.616.

———— : : : ————

## MUGARDOS

Polo Concello Pleno, en sesión Plenaria celebrada o día 19 de decembro de 1991, adoptouse o acordo de aprobar provisionalmente a imposición e Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

O que se fai público durante o prazo de 30 días, contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio, co fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen en dereito, de conformidade co disposto no artigo 17.1 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

De non se presentar reclamacións, entenderase definitivo o acordo aprobado.

Mugardos, 20 de decembro de 1991.—O alcalde, Ramón Toimil Saavedra.

R. 13.444. P. D. G. C. 27-12-91. N. 13.606.

———— : : : ————

## DODRO

Aprobado provisionalmente por el Pleno de la Corporación el expediente de imposición y ordenación del Impuesto sobre Actividades Económicas y la Ordenanza Fiscal reguladora del mismo, en sesión celebrada el día 12 de diciembre de 1991, se expone al público, en la Secretaría de este Ayuntamiento, durante el plazo de treinta días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, dentro de los cuales los interesados podrán examinar dicho expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas, las cuales deberán ser dirigidas al señor Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Dodro, 13 de diciembre de 1991.—El alcalde, José Fernando Vila Brión.

R. 13.377. P. D. G. C. 17-12-91. N.13.213.